



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCION DO ALCALDE

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal dun/ha Traballadora Social, mediante contrato por circunstancias da produción, o abeiro do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+Adicional 1/2025” ata o 31 de decembro de 2025, destinado/a ao reforzo do equipo técnico dos Servizos Sociais municipais.

CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que rematado o prazo de presentación de instancias ditarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, dita resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web do concello sen carácter preceptivo deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que legalmente me corresponden, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes listaxes de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección para a contratación laboral temporal dun/ha Traballadora Social, mediante contrato por circunstancias da produción, o abeiro do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+Adicional 1/2025”

a) Listaxe de admitidos/as:

APELIDOS E NOME	DNI
ALVAREZ FRANCO MARIA	***8733**
LOPEZ ORGEIRA, MARIA	***3727**

b) Listaxe de excluídos/as: NINGÚN/HA





Concello de Oza-Cesuras

SEGUNDO.- Establecer a composición do tribunal:

Presidente: María Arminda Seoane Barbeito, traballadora social do Concello de Oza-Cesuras.

Secretario: José C. Sánchez Presedo, Secretario-Interventor do Concello de Oza-Cesuras ou funcionario que o substitúa.

2 Vogais:

1.- Laura María Grobas Peteiro, traballadora social do Concello de Oza-Cesuras.

2.- María Carmen Vázquez Juncal, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Oza-Cesuras.

TERCEIRO.- O tribunal seleccionador deberá constituírse o luns 27 de outubro de 2025 as 08:30 horas, na Casa do Concello de Oza-Cesuras, sita en Lois, n.º 33 - Oza ao obxecto de levar a cabo a fase de concurso na que se valorará a experiencia laboral e a formación de conformidade cos méritos acreditados polos solicitantes.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes admitidos no proceso, para que comparezan na Casa do Concello de Oza-Cesuras, sita en Lois, n.º 33 - Oza ás 09:30 horas do **luns 27 de outubro de 2025** para a realización da proba de coñecementos e aptitudes. O tribunal seleccionador realizará o chamamento para iniciar a fase de oposición (proba de coñecemento e aptitudes), de conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia., iniciándose por aqueles aspirantes dos que o primeiro apelido comeza por “F”.

O primeiro exercicio eliminatorio da proba de coñecemento e aptitudes consistente nun exercicio de 20 preguntas tipo test (e 2 de reserva) tomando como referencia o programa que figura no anexo I, puntuable de 0 a 40 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 20 puntos.

A proba terá unha duración de 45 minutos.

Os aspirantes deberán acudir provistos do DNI.

QUINTO.- Publicar na páxina web do Concello, a lista provisional de admitidos e excluídos, aos efectos oportunos

Oza-Cesuras, na/s data/s de sinatura/s electrónica/s

Dou fe,





Concello de Oza-Cesuras

O ALCALDE,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

O SECRETARIO

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

